




Protocolo de actuación para persoal coordinador de

LIMPEZAS DE PRAIAS

ante a marea plástica de pellets na costa galega



Proposta creada por
ADEGA





A costa galega conta con innumerables praias que lamentablemente continúan a recibir toneladas de lixo. Boa parte dos residuos que atopamos nelas son plásticos. Alén do seu impacto visual, supoñen un grave perigo para a flora e a fauna mariñas; nomeadamente para algunhas especies ameazadas como cetáceos, tartarugas ou aves mariñas, xa que inxiren plásticos confundíndoos con alimento. Tamén poden acabar enredados en bolsas, sacos ou redes que lles provocan graves lesións, dificultades para moverse e, finalmente, poden causar a súa morte.

Outro dos problemas é que o plástico acaba desfacéndose en pequenos anacos que son inxeridos por peixes que poden rematar nos nosos pratos. Isto fai que os compoñentes tóxicos e perigosos dos plásticos pasen aos seres humanos, afectando directamente á nosa saúde.

A mellor maneira de actuar ante este problema é reducir o consumo diario de plástico, reutilizar o máximo posible e reciclar. Tamén podemos botar unha man, pasando á acción directa e retirando o plástico acumulado nas nosas praias.


Neste protocolo, engadimos recomendación específicas para a limpeza de praias de pellets de plástico vertidos ao mar.






Antes da limpeza


- **Inspección previa da praia.** Observa a cantidade e diversidade de lixo, o acceso e o espazo de traballo. Presta atención aos posibles riscos, así como as mareas
- **Contacto co Concello.** Informa ao Concello da actividade programada. Ademais podes solicitar material necesario, como bolsas e luvas.
- **Sistema de almacenaxe e transporte do lixo retirado.** Podes solicitar igualmente ao Concello que poña contedores e axuda para transportar o lixo. Acordade co persoal do Concello o punto de recollida previsto.
- **Difusión da actividade.** Difunde o evento nas redes sociais, na prensa e limita o número de participantes, lembra que os ecosistemas dunares son fráxiles.
- **Transporte sostible.** Recomenda o uso de transporte público e/ou compartido para os desprazamentos ata o lugar da limpeza de praias.






Durante a limpeza

- **Charla inicial.** antes de comezar a traballar hai que explicarlle ao voluntariado as normas de seguridade e as pautas que aparecen a continuación. Non esquezas comentarlles a importancia de reducir o consumo de plástico.
- **Luvas e máscara.** Empregade luvas (e máscara de protección se fixera falla) para evitar riscos sanitarios. Cómpre levar roupa e calzado cómodo e acorde á época do ano.
- **Traballo en grupos.** Débese repartir o grupo de persoas voluntarias por zonas e/ou tarefas e facer rotacións para que a actividade sexa máis levadeira e evitar lesións.
- **Recollida do lixo.** Pódese facer en bolsas grandes e resistentes ou en capachos, que poidan ser transportados con facilidade.
- **Separación do lixo.** Intentar separar os diferentes tipos de lixo, etiquetando cada saca para posteriormente depositalos nos contedores correspondentes.
- **Restos de animais mortos.** Non se deben tocar nin manipular, e moito menos sen luvas. Se houberse ósos secos e soltos podes recollelos separadamente para identificalos e amosalos ao resto na avaliación final. En caso de atopar mamíferos mariños avisar a CEMMA (686 989 008) ou chamar ao 112.
- **Prevenção de riscos.** Nunca poñas en risco a túa integridade física nin a doutra persoa voluntaria, a saúde é o primeiro.



Despois da limpeza

- **Resultados.** Unha vez recollido o lixo, podedes pesalo ou estimar o seu volume e anotar as diferentes tipoloxías dos residuos e a súa natureza.
- **Posta en común.** Facede unha avaliación final conxunta e unha posta en común das impresións e resultados obtidos.
- **Fotografías.** Non esquezades realizar fotos da xornada de limpeza, do antes e do despois, e especialmente do grupo de voluntariado ambiental co lixo recollido.
- **Crónica e informe da actuación.** Divulgade a acción nos medios de comunicación e nas redes sociais. Tamén se pode preparar un informe coas fotos e presentalo nunha charla informativa aberta a todo o mundo.





Recomendacións específicas

- As **horas da baixamar** serán o mellor momento para realizar a limpeza de pellets xa que quedan depositados na area.
- Tipo de **luvas** recomendado con certificación EN ISO 374-1 (resistente á penetración de substancias químicas).
- **Número de persoas por grupo.** Acorde á praia a limpar e ás áreas seleccionadas para o traballo. Mellor traballar en grupos pequenos.
- **Acceso restrinxido.** Solicitade colaboración do Concello para restrinxir o acceso á praia ou á zona de traballo nas horas da actuación e evitar a masificación da limpeza.
- **Residuos plásticos de pequeno tamaño** (con flotabilidade). Facer un varrido na area compactada cun cepillo, meter os pellets en recipientes con auga e posteriormente eliminalos cun coador cunha luz de malla entre 2 e 3 mm.
- **Pisar o menos posible a zona a limpar**, dirixindo o avance do grupo na mesma dirección.
- **Recollida en bolsas específicas** debidamente etiquetadas. Procurar non mesturar os pellets con outros residuos.